

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE FIN DE ESTUDO (GRAO OU MESTRADO) POR PARTE DO ESTUDANTADO UNIVERSITARIO NO CENTRO DE INVESTIGACIÓNS MARIÑAS (CIMA)

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. Marta Villaverde Acuña, Conselleira do Mar, nomeada polo Decreto 35/2025, de 4 de xuño (DOG n.º 106 de 5 de xuño de 2025), actuando en nome e representación da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no DOG núm. 117, do 20 de xuño de 2022, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13. /2019, do 24 de xaneiro, e publicado no DOG no 38, do 22 de febreiro.

Ambas as partes teñen plena capacidade para cumprir o presente convenio específico de colaboración e **EXPOÑEN**

1. Que o Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), dependente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, exerce as funcións relativas á actividade investigadora, e particularmente as referidas ás áreas de procesos oceanográficos costeiros, recursos mariños, acuicultura e patoloxía, segundo o disposto no Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOG nº 58 do 26 de marzo).
2. Que a Universidade de Vigo é unha institución de dereito público que ten como finalidade a prestación do servizo público da educación superior mediante a docencia, o estudo e a investigación en áreas de interese xeral. Correspóndelle á Universidade de Vigo, no marco das súas competencias, a prestación do servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia, o estudo, a transferencia do coñecemento á sociedade e a extensión universitaria.
3. Que é vontade das partes colaborar na última etapa formativa do estudantado universitario apoiando a realización dos seus traballos de fin de estudos desenvolto como parte das materias Tralaballo fin de grao (en adiante, TFG) e Tralaballo fin de mestrado (en adiante, TFM).
4. Que TFG ou TFM son materias obrigatorias do plan de estudos dos títulos oficiais de grao ou de mestrado, respectivamente. O seu obxectivo é permitir que o estudantado desenvolva, aplique e demostre parte dos coñecementos, capacidades e competencias adquiridos ao longo da súa formación académica.
5. Que as materias TFG ou TFM teñen unha carga académica entre 6 e 30 créditos ECTS, se realizan na fase final do plan de estudos e están orientadas a avaliar as competencias incluídas na memoria do título.



6. Que a proposta de elaboración dun TFG ou dun TFM por parte do estudiantado poida estar vinculada ao traballo desenvolvido por unha empresa, un centro de investigación, unha universidade estranxeira (como parte dun programa de mobilidade) ou outra institución externa (en adiante, entidades colaboradoras).
7. Que o presente convenio ten como obxecto establecer un marco de colaboración entre as partes que apoien a execución das materias TFG/TFM a través de estadias nas instalacións das entidades colaboradoras.
8. Que o proxecto desenvolto como parte do TFG ou do TFM ao abeiro do presente convenio realízase baixo a dirección conxunta e coordinada da universidade e da propia entidade colaboradora, nos termos recollidos tanto nas normativas para elaborar o TFG e o TFM da universidade coma nos regulamentos propios de cada centro.
9. Que as estadias en entidades colaboradoras realizadas ao abeiro deste convenio non terán a consideración e, polo tanto, non se rexerán pola lexislación vixente en materia de prácticas académicas externas.

Polo anteriormente exposto, acordan asinar un convenio específico de colaboración que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é regular a realización por parte do estudiantado da Universidade de Vigo dos traballos de fin de estudos desenvoltos como parte das materias Traballo Fin de Grao (TFG) e Traballo Fin de Mestrado (TFM) no Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), centro adscrito á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, permitindo que desenvolvan e apliquen parte dos coñecementos, capacidades e competencias adquiridos ao longo da súa formación académica na Universidade de Vigo.

Segunda. Acollemento do estudiantado

Cada TFG/TFM realizado ao abeiro deste convenio requirirá a subscripción dun documento específico (anexo I) no que se formalice a estadia do estudiantado no CIMA e no que se indique a seguinte información:

- Datos do estudiantado.
- Datos do CIMA onde se realizaría a estadia.
- Datos das persoas directoras do traballo na Universidade de Vigo.
- Datos das persoas titoras no CIMA.
- Datos do traballo.
- Datos da duración e dos horarios da estadia.

A relación entre o estudiantado e o CIMA na que realice as súas estadias, ao abeiro do presente convenio, non constitúe un vínculo xurídico ou unha relación laboral de ningún tipo, nin supón unha obriga a unha contraprestación económica para ningunha das partes.



Terceira. Compromisos das partes

A Universidade de Vigo comprométese a:

- Nomear polo menos unha persoa directora do traballo, de conformidade coa normativa específica que regula a materia, quen deberá colaborar coa persoa designada como titora no CIMA para que o proxecto chegue a bo termo.
- Establecer co CIMA os obxectivos e a planificación do proxecto con carácter previo ao inicio da estadía.
- Informar ao estudiantado participante no desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio do seu contido.

O CIMA comprométese a:

- Nomear polo menos unha persoa titora do traballo, pertencente á entidade, que fará un seguimento do programa do traballo durante a súa estadía no CIMA.
- Facilitarlle ao estudiantado os medios e as instalacións oportunas para poder desenvolver o proxecto acordado.
- Orientar e axudar ao estudiantado a resolver as súas dúbidas e dificultades.
- Facilitarlle ao estudiantado a tramitación da documentación que se requira para o desenvolvemento, depósito e defensa do seu TFG/TFM.
- Informar á universidade, no seu caso, de que se modifiquen as condicións acordadas no anexo I vinculado a este convenio.

Cuarta. Financiamento

Este convenio non supón ningún gasto para a Consellería do Mar, polo que non se precisa consignación orzamentaria.

Quinta. Dereitos e obrigas do estudiantado

Realizar con dilixencia e con aproveitamento o seu TFG ou TFM nas condicións acordadas no anexo I vinculado a este convenio.

- Comunicarlles as persoas directoras e titoras do TFG ou do TFM calquera incidencia que afecte o seu correcto desenvolvemento.
- Gardar con absoluto rigor o segredo profesional e a confidencialidade respecto da información recollida durante e unha vez terminada a súa estadía no CIMA.
- Coñecer e aceptar as directrices establecidas no CIMA na súa política de seguridade, ademais da normativa xeral en materia de protección de datos.
- Respetar as normas de funcionamento, seguridade e prevención de riscos laborais indicadas



polo CIMA.

Sexta. Proxecto de traballo

O proxecto que desenvolverá o estudantado no TFG ou no TFM:

- Recollerase no anexo I vinculado a este convenio e deberá fixar o título aproximado e os obxectivos do traballo, así como unha breve descrición das actividades.
- Deberá gardar relación directa cos contidos adquiridos nos estudos cursados.
- Será independente e estará diferenciado do proxecto formativo que, de ser o caso, se realizou como parte dunhas prácticas externas na mesma entidade colaboradora.
- Deberá desenvolverse dentro dos límites establecidos polo ordenamento xurídico, entre os que destacan os derivados dos compromisos éticos asumidos pola comunidade científica e as normas deontolóxicas.

Sétima. Oferta e demanda de proxectos

A oferta desta tipoloxía de traballos de fin de estudos estará xestionada pola escola ou pola facultade da Universidade de Vigo á que estea adscrita a titulación e o plan de estudos ao que pertenza a materia TFG ou TFM na que estea matriculado o estudantado interesado na súa realización.

Nalgúns casos, o CIMA poderán propor ofertas de proxectos, os cales se someterán á consideración dos centros docentes (no caso de TFG) ou das comisións académicas de Mestrado (no caso de TFM) para valorar a súa idoneidade e entidade académica como traballo de fin de estudos antes de ofertalos.

Oitava. Duración e horario

A duración da estada no CIMA para apoiar a realización dun traballo de fin de estudos non poderá superar os créditos indicados para a materia na memoria de verificación do título.

O horario de permanencia do ou da estudante no CIMA establecerase de acordo coas características e coa dispoñibilidade da entidade, e quedarán reflectidas no anexo I vinculado a este convenio.

O réxime de asistencias terá que incluír a regulación que lle permita ao estudantado cumprir coas súas responsabilidades académicas, formativas e de representación e de participación; e a conciliar, no caso do estudantado con discapacidade, a realización das estadas coas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa súa situación de discapacidade, tras comunicarllo coa antelación suficiente ao CIMA.

Novena. Autoría e propiedade intelectual

A propiedade intelectual e industrial axustarase aos termos establecidos na lexislación reguladora



da materia.

Décima. Confidencialidade

As persoas titoras académicas dun TFG ou dun TFM deberán gardar confidencialidade na súa relación con calquera información coñecida como consecuencia da súa actividade como persoa titora.

Así mesmo, o estudiantado deberá gardar confidencialidade en relación coa información interna do CIMA e segredo profesional sobre as actividades realizadas durante e unha vez finalizada a estadía. De ser o caso, o CIMA pode esixirlles tanto á persoa directora coma ao estudiantado a sinatura de acordos específicos de confidencialidade.

As medidas que garanten a confidencialidade destes traballos nos actos de desenvolvemento, depósito e defensa quedan reflectidas nun protocolo de confidencialidade para os TFG ou os TFM que se activará tanto por petición do CIMA coma do estudiantado.

Décimo primeira. Cobertura de seguro

Calquera eventualidade de accidente ou de responsabilidade civil que se producise no tempo de realización do proxecto que se desenvolva como parte do TFG ou do TFM durante a estadía do ou da estudante no CIMA estará cuberta, segundo o caso, polo seguro escolar ou polo seguro de accidentes ou de responsabilidade civil contratados para este fin pola Universidade de Vigo.

Décimo segunda. Comisión de Seguimento

Créase unha comisión mixta paritaria de seguimento para o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio, que asegure o bo fin e cumprimento do mesmo.

Por parte da CIMA, serán membros: A persoa directora do CIMA, ou persoa en quen delegue.

Por parte da Universidade de Vigo, serán membros: A persoa vicerreitora con competencias en materia de prácticas académicas ou persoa en quen delegue.

A dita comisión encargárase da vixilancia e o seguimento do cumprimento do convenio e da resolución das dúbidas e os conflitos que poidan xurdir na súa interpretación e aplicación.

Décimo terceira. Vixencia e causas de resolución do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da sinatura e terá unha duración de catro anos. En calquera momento, e antes de finalizar o prazo anterior, as partes poderán acordar de forma expresa a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

O presente convenio extinguirase por algunha das seguintes causas:

- Polo transcurso do prazo de vixencia do presente convenio sen acordar a súa prórroga.



- Pola solicitude de denuncia por algunha das partes. Neste caso a parte interesada deberá de comunicarllo por escrito á outra parte con polo menos tres meses de antelación á data na que pretenda dalo por resolto.
- Por mutuo acordo das partes, mediante o correspondente escrito.
- Polo incumprimento dos compromisos establecidos neste convenio por parte de calquera das partes, previamente manifestado mediante unha comunicación escrita fidedigna e cun prazo de antelación de, polo menos, un mes, pola parte a quen prexudique.
- Por decisión xudicial declaratoria de nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista nas leis.

En calquera caso, as partes comprométense a finalizar o desenvolvemento das actividades xa iniciadas polo estudante que poida estar realizando unha estadía no CIMA no momento da notificación da denuncia.

Décimo cuarta. Natureza e xurisdición

As controversias que poidan xurdir sobre a interpretación, modificación, execución, resolución e efectos derivadas do presente convenio resolveranse entre as partes de maneira amigable no seo da comisión prevista na estipulación décimo primeira.

O presente convenio, de natureza xurídico-administrativa, asínase ao abeiro da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Ao ter natureza administrativa, a orde xurisdicional contencioso-administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas que se puidesen suscitar entre as partes, todo de conformidade co disposto nos artigos 1 e 2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da citada xurisdición.

Décimo quinta. Protección de datos

As partes manifestan e se comprometen a darlles aos datos de carácter persoal que sexan obxecto de tratamento como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio un uso adecuado no marco do disposto pola normativa europea en materia de protección de datos de carácter persoal integrado polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPDP) e as normas de desenvolvemento que a cada parte lles resultes aplicables.

Na execución deste convenio as partes declaran que asumen a condición de responsables do tratamento independentes, xa que cada unha no seu propio ámbito de actuación determina os medios e os fins dos tratamentos de datos necesarios; e que non se dan as condicións para ser consideradas corresponsables do tratamento ao abeiro do previsto no RXPDP. En consecuencia, cada unha das partes asinantes responderá individualmente fronte ás persoas afectadas e fronte ás autoridades de control competentes, do incumprimento das súas obrigas correspondentes en materia de protección de datos persoais, así como das infraccións en que tivese incorrido.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante comunicación ao enderezo social do responsable do tratamento que corresponda, así como, de existir, a través de



correo electrónico aos respectivos delegados de protección de datos. Se a solicitude de exercicio de dereitos se presentase diante da parte que non sexa a competente para a súa tramitación e resolución, esta daralle traslado á competente á maior brevidade posible, informando disto á persoa interesada.

Se a correcta execución dalgunha das prestacións deste convenio requirise a cesión de datos persoais dunha das partes á outra, esta terá a súa base de lexitimación, cando menos, no cumprimento do presente convenio, de conformidade co establecido no artigo 6.1.b) do RXP, sempre e cando se limite aos mínimos imprescindibles para acadar o fin perseguido. En todo caso, a entidade cesionaria adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais cedidos durante a vixencia deste convenio.

Sen prexuízo do anterior, os datos persoais que figuran neste convenio relativos ás persoas asinantes serán e/ou poderán ser obxecto daquelas actuacións que se deriven da aplicación e cumprimento da normativa de transparencia e acceso á información pública aplicable á Universidade de Vigo e, de ser o caso, á outra parte.

Décimo sexta. Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso da Universidade Vigo á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Coa sinatura deste convenio queda derogado calquera outro que coa mesma finalidade asinaran as partes.

E, como proba de conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio na data da última sinatura electrónica.

POLA CONSELLERÍA DO MAR
A conselleira

POLA UNIVERSIDADE DE VIGO
O reitor

Marta Villaverde Acuña

Manuel Joaquín Reigosa Roger



ANEXO I

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE FIN DE ESTUDO (GRAO OU MESTRADO) POR PARTE DO ESTUDANTADO UNIVERSITARIO NO CENTRO DE INVESTIGACIÓNS MARIÑAS (CIMA)

A persoa estudante que firma abaixo acepta para participar no programa de traballos de fin de estudos desenvolto como parte das materias: Traballo Fin de Grao (TFG) / Traballo Fin de Mestrado (TFM)

DATOS DO/DA ALUMNO/A

NOME E APELIDOS:			
DNI:	DIRECCIÓN:		
LOCALIDADE:	CP	PROVINCIA:	PAÍS:
TELÉFONO1:	TÉLÉFONO2 (opcional)	CORREO-e:	
TITULACIÓN:			

DATOS DA ENTIDADE

NOME E APELIDOS: ----- Nome e apelidos persoa contacto entidade/empresa -----		
DNI:	DIRECCIÓN: -----Dirección da entidade/empresa-----	
TELÉFONO1:	TÉLÉFONO2 (opcional)	CORREO-e:

DATOS DOS TRABALLOS FIN DE ESTUDOS

DIRECCIÓN LUGAR DOS TRABALLOS DIN DE ESTUDOS: ----- Indicar dirección lugar de prácticas ----- --			
DATA INICIO DOS TRABALLOS: ----dd/mm/aaaa--	DATA FIN DOS TRABALLOS: ---- dd/mm/aaaa----	Nº HORAS:	CRÉDITOS ECTS:
XORNADA			
HORARIO(Indicar, se cómpre, días semana) ?:			



PERSOAS TITORAS

PERSOA TITORA CIMA: -----
PERSOA TITORA UNIVERSIDADE DE VIGO: -----

PROXECTO FORMATIVO

Descrición das tarefas ou actividades formativas relacionadas cos seus estudos que realizará o/a alumno/a

Coñecementos específicos que deberá posuír o/a alumno/a antes de realizar os traballos de fin de estudos

Formación e competencias que adquirirá o/a alumno/a cando remate os traballos de fin de estudos

Forma prevista para o seguimento, orientación e avaliación do/da alumno/a durante os traballos de fin de estudos
Outros



O/a alumno/a que firma abaixo declara a súa conformidade para realizar os traballos de fin de estudos, ao abeiro do nomeado convenio que se atén á lexislación vixente. Así mesmo, comprométese a manter a máis estrita obriga de confidencialidade sobre toda a información á que poida ter acceso, como consecuencia da realización das traballos obxecto do presente convenio e deberá dar o seu consentimento asinando o documento de **información sobre protección de datos persoais para o alumnado da Universidade de Vigo** que forma parte do trámite de xestión destas prácticas.

En proba de conformidade asinan este documento por triplicado,

A Coruña, __ día __, de __ mes __, de __ ano __

Persoa titora do CIMA

Estudiante

Persoa titora da Universidade
de Vigo

Ado. Nome e apelidos da Per-
soa titora do CIMA

Ado. Nome e apelidos estu-
dante

Ado. Nome e apelidos Persoa
titora da Universidade de Vigo

Cargo: Posto que ocupa no
CIMA

Cargo: Posto que ocupa a Per-
soa titora da Universidade de
Vigo

NOTA. Este anexo cubrirase por triplicado: 1 exemplar para a Universidade de Vigo, 1 exemplar para o CIMA e 1 exemplar para o estudantado

